



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 21 de agosto de 2019**

1. Apróbbase a acta da sesión extraordinaria anterior, de data 14/08/2019.
2. Concédese licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar con demolición de planta terceira en Secundino Lorenzo, nº 22, Marín.
3. Denégase a licenza para a construción dun garaxe-pérgola de xardín de 47,23 m² na parte posterior da vivenda unifamiliar sita no lugar de Agrela, nº 20, Marín.
4. Dáse conta da autorización do reinvestimento de baixa, por importe de 18.117,62 euros, con destino ao financiamento das obras de "Construción de almacén no Estadio Municipal de San Pedro", dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta das bases de concesión de subvencións ás corporacións locais para programas de emerxencia social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, da Consellería de Política Social.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Solicítase autorización para o reinvestimento de baixa, por importe de 22.621,60 euros, con destino ao financiamento do proxecto "Instalación dun sistema de climatización na planta baixa do edificio de servizos do parque de Cantodarea (Parque Azul), dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000398F600S1O6G1G1S5P7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190235766
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 26/09/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/09/2019 13:29:48	Fecha: 26/09/2019 Hora: 13:29

